

Entrambasaugas

Antigo arciprestado da diocese de Mondoñedo, encadrado canda outros dous no arcediagado de Montenegro, desaparecidos ambos a mediados do século XIX. Dependía do arcediago de Montenegro, cóngo dignidade da catedral mindoniense.

Esta demarcación comprendía unha trintena de parroquias, na súa maior parte localizadas nos actuais concellos de Vilalba e Xermade, mais pertenceron tamén a esta vigairía algunhas freguesías dos concellos de Guitiriz, Muras, As Pontes de García Rodríguez e Monfero.